

## NORMAS DA ESCOLA DE INTERPRETACIÓN DE ÁRTIKA

### CUROS 2020-2021

Neste curso que dará comezo no mes de setembro de 2020 e por mor do acaecido polo estado de alarma motivado polo COVID-19, a nosa escola implantou unha serie de protocolos a seguir para procurar a tranquilidade d@s alumn@s maiores e das nais e pais dos máis pequenos da escola. Para conseguilo necesitamos a vosa colaboración:

Ártika colocará en cada aula un dispensador de xel hidroalcohólico para que cada participante da clase, sexa profesor ou alumno, o utilice antes de entrar e ao rematar a actividade. Controlarase a temperatura dos participantes, e ningún alumno sen excepción poderá asistir á clase con máis de 37º. E moi importante a responsabilidade tanto dos pais e nais dos máis pequenos como dos adultos, para que ninguén asista se ten algún síntoma.

Despois de cada clase procederase á nebulización da aula con desinfectantes viricidas autorizados polo Ministerio de sanidade (segundo norma UNE EN 14476), por este motivo o tempo de inactividade na aula será de 30 min entre a finalización dunha clase e o comezo da seguinte. Isto tamén axudará a evitar aglomeracións no cambio de clase.

Cada aula contará cun espazo destinado a gardar o calzado que @s alumn@ traen de fora, sendo indispensable que contén cun calzado específico para as clases, ou un par de calcetíns con antideslizante para realizar a actividade. Este espazo será desinfectado despois de cada clase.

O uso de mascarilla é obrigatorio, tanto para @s profesor@s como para @s alumn@s.

Por mor da desinfección e o tempo de inactividade necesario para a mesma, algúns horarios de clase vense afectados para garantir a correcta hixiene dos espazos de traballo.

Nas clases de interpretación, danza e comedia musical, o aforo das clases se reducirá sen excepcións a 10 alumnos por grupo. Por este motivo e segundo a demanda de prazas, abíranse novos cursos e horarios para as actividades máis solicitadas. No caso de danza aérea, o aforo se reduce a 4 participantes por grupo, para que os mesmos NON compartan a tela durante a clase. As mesmas serán nebulizadas ao rematar a actividade quedando listas para o seguinte grupo.

Co fin de eliminar o uso de efectivo, o pago das actividades da escola, realizarase por **domiciliación bancaria**, enviando cada mes a factura correspondente ao correo que se indique a estes efectos. No caso de devolución de recibos cargaranse os gastos de xestión que a entidade bancaria impute.

Para paliar unha parte dos custos orixinados polas medidas hixienico-sanitarias que implantamos, vémonos na obriga de modificar o prezo das nosas actividades, deste xeito, as actividades de pre-teatro, teatro infantil, pre-adolescentes e adolescentes, pasa de 25,- €/mes



a **30,-€/mes** (no caso de que asistan irmáns ás clases, seguirán pagando 25,-€/mes cada un deles). En canto ás clases de adultos pasarán de 30,-€/mes a **40,-€/mes**.

Esperamos apoiem e entendan as medidas tomadas, estamos ao voso dispor para calquera consulta ou suxerencia que poidan aportar.

